

Cursos de verán 2009 (do 6 ó 9 de xullo)

A golpe de música!

Prof.: José Manuel Fraga García-Armero

A música tradicional na Educación Infantil e Primaria

Prof.: Antón Castro Rodríguez

Datos xerais

DURACIÓN

30 horas por curso (16h presenciais e 14 non presenciais)

DATAS

Do luns 6 ó xoves 9 de xullo de 2009

HORARIOS

- A golpe de música!: de 10:00h a 13:30h

- A música tradicional na Educación Infantil e Primaria: 17:00h a 20:30

NÚMERO DE PRAZAS

Prazas limitadas (30 por curso) por orde de inscrición

DESTINATARIOS

Profesores e estudantes de música e outros profesionais de diferentes ámbitos sociais e pedagóxicos

LUGAR

Facultade de Ciencias da Educación (campus norte). Universidade de Santiago de Compostela

Créditos

Diploma acreditativo (30 horas por curso)

Crédito de libre configuración para o alumnado de tódalas titulacións da Facultade de CC. da Educación da USC por cada curso. Data de resolución: (4 de maio de 2009)

- Código do curso, A golpe de música! (2009/88)

- Código do curso, A música tradicional na Educación Infantil e Primaria (2009/87)

Profesores

José Manuel Fraga García-Armero

Profesor de Piano, Canto e Diplomado en Educación Musical por *Jos Wuytack*. Na súa formación destacan diferentes cursos sobre Pedagogía Musical (Instituto *Orff* Salzburgo), Creatividade Dramática, Expresión Dinámica e Psicomotricidade, Pedagogía do Solfexo e Piano, Musicoterapia e Música e Danza según *Orff-Schulwerk*.

Desempeñou a súa actividade profesional como Profesor da Escola Universitaria de Maxisterio da Coruña, Profesor da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela e como Mestre Especialista en Educación Musical do Colexio Mixto Obradoiro da Coruña.

Impartiu numerosos cursos organizados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (cursos de Postgrao entre outros), polo ICE da Universidade de Santiago e polo CEFOR de Coruña así como obradoiros no FORUM Metropolitano da Coruña dende a súa creación ata a actualidade.

É autor de varias publicacións en revistas sobre Educación Musical, artigos de prensa e vídeos didácticos.

Antón Castro Rodríguez

Mestre especialista en Educación Musical no CEIP Laverde Ruiz en Outeiro de Rei, Lugo. Membro do grupo *Fuxan os Ventos* e do Grupo de Cámara *Só Voces*.

Ten impartido numerosos cursos no ámbito da Literatura e a Música de tradición e ten colaborado con distintas Universidades galegas e Escolas Universitarias de Formación do Profesorado, así como cos CEFORs e Movements de Renovación Pedagóxica.

Programa

A golpe de música!

- O método Wuytack
- Afianzar e perfecciona-la técnica dos instrumentos corporais e dos instrumentos escolares ORFF
- Tocar e cantar.
- A Orquestra ORFF: Coñecemento, número de instrumentos e a súa colocación.
- A técnica da Pregunta-Resposta e a frase melódica
- As Escalas cos instrumentos Orff, as súas características, diferencias e formación:
 - Modais: Dórica, Frígia, Lidia, Mixolidia, Eólica, Jónica.
 - Heptatónicas: Do M, Sol M, Fa M e as súas relativas
 - Pentatónicas: DO, SOL, FA, la, mi e re.
- Acompañamento: Tónica, Bordón, I e V, I e IV, I e VII, I e II, I e VI, I e III
- Pautas para a harmonización e orquestración
- As formas musicais
- Interpreta-las partituras de diferentes autores
- Coñece-las distintas harmonizacións elementais, así como as pautas pedagóxicas e metodolóxicas para o ensino, a montaxe e a dirección dunha obra musical.
- Exercicios e práctica cos instrumentos.

A música tradicional na Educación Infantil e Primaria

Introducción

- I - A MUSICA TRADICIONAL NO ECOSISTEMA DO ENTORNO ESCOLAR:
 - Recolla de campo. Organización do centro e aproveitamento educativo do medio.
- II - MUSICA TRADICIONAL E OBXECTOS DA VIDA COTIÁ: mesa, vasos, tazas, culleres...
 - Traballo rítmico sobre dous compases habituais na nosa música con cantos tradicionais.
 - Labours agrícolas e traballo rítmico sobre delas: sega, malla, vareos, mazar o liño, mazar o leite...
- III - OS CACIONEIRO
- IV - O CICLO ANUAL: nadal, reis, entroido, maíos...
- V - MUSICA E CREACION DE TEXTOS: Parrafeos, desafíos e regueifas.
- VI - PROCEDEMENTOS MOTIVADORES PARA A MUSICA UTILIZADOS POLOS CEGOS/AS: A Literatura de cordel, títeres, carteis...